



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 132 · Luns, 11 xuño 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O)

Bases para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de Educación Infantil para o curso 2018/2019 2

Gomesende

Convocatoria para o concurso e elección de xuíz de paz 22

Quintela de Leirado

Convocatoria de procedemento aberto, mediante tramitación urxente, para a adxudicación das obras "Ancheamento do Camiño Leirado - OU-411" 22

Toén

Aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario n.º 1/2018, dentro do vixente orzamento municipal do exercicio 2018 23

Verea

Aprobación da Oferta de Emprego Público do ano 2018 24

Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense

Anuncio de cobranza de impostos e taxas de diversos concellos 24

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a V&P GYM, SL, no procedemento ordinario 66/2018 25

Notificación de resolución a Gerardo Dacruz Doniz SLU, no procedemento ordinario 439/2017 26

Xulgado do Social n.º 3 de Ourense

Notificación de auto do 22.05.2018 a Transportes Sabucedo Veiga, SL, e a outros, na execución de títulos xudiciais 39/2018 27

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O)

Bases para la concesión de bolsas para la compra de libros y material escolar de Educación Infantil para el curso 2018/2019 12

Gomesende

Convocatoria para el concurso y elección de juez de paz 22

Quintela de Leirado

Convocatoria de procedimiento abierto, mediante tramitación urgente, para la adjudicación de las obras "Ancheamiento del Camino Leirado - OU-411" 23

Toén

Aprobación definitiva del expediente de modificación presupuestaria crédito extraordinario nº 1/2018, dentro del vigente presupuesto municipal del ejercicio 2018 24

Verea

Aprobación de la Oferta de Empleo Público del año 2018 24

Mancomunidad Voluntaria de Ayuntamientos de la Comarca de Ourense

Anuncio de cobro de impuestos y tasas de diversos ayuntamientos 25

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a V&P GYM, SL, en el procedimiento ordinario 66/2018 26

Notificación de resolución a Gerardo Dacruz Doniz SLU, en el procedimiento ordinario 439/2017 27

Juzgado de lo Social n.º 3 de Ourense

Notificación de auto de 22.05.2018 a Transportes Sabucedo Veiga, SL, y a otros, en la ejecución de títulos judiciales 39/2018 28



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Bases para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de Educación Infantil para o curso 2018/2019

Por resolución da Alcaldía de data 16 de maio de 2018 aprobáronse as bases para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de educación infantil para o curso 2018/2019, polo que se lles dá a publicidade preceptiva:

Bases para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de Educación Infantil para o curso 2018/2019

A Constitución Española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da comunidade autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etcétera. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúelles tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece, no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuito para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación. Finalmente, a Lei 13/2008, do 3 decembro, que regula o sistema galego de servizos sociais de Galicia, contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, apróbase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2017/2018 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

1. Obxecto e finalidade

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado e escolarizado nos centros de ensino do Concello do Barco e matriculados nalgún dos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil (3,4,5 anos) para o curso escolar 2018/2019.

A finalidade desta convocatoria é axudar a aquelas familias con nenos e nenas matriculados en Educación Infantil, que precisan apoio económico na compra dos libros e material escolar, compensando así o gasto extraordinario que se lles ocasiona a aquelas familias con menos recursos económicos.

2. Compatibilidade

Non serán compatibles con calquera outra que perciban coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas. Non concedéndose bolsas para os cursos xa subvencionados pola Administración Autonómica e/ou Estatal. Non se subvencionarán os cursos gratuítos.

3. Persoas beneficiarias e requisitos

Poderá ser beneficiario o alumnado que no curso 2018/2019 curse estudos nos centros ensino do Concello do Barco, e que cumpra cos requisitos das bases. A solicitude deberá ser presentada polo pai/nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno ou alumna.

Serán requisitos para solicitar a dita axuda:

a) Que o alumnado curse estudos en calquera dos centros docentes do Concello do Barco de Valdeorras no segundo ciclo de Educación Infantil, (3,4,5 anos).

b) Que tanto a persoa solicitante como o/a outro/a proxenitor/ra, así como as/os menores estean empadroados/as e teñan residencia efectiva no Concello do Barco de Valdeorras. No suposto de non cumprirse este requisito, deberá acreditarse situación extraordinaria por razóns de necesidade con informe social emitido polos servizos sociais do Concello. (No caso de separación ou divorcio, só será da persoa que teña a custodia do/a menor e destes).

c) Que os ingresos familiares sexan inferiores a 18.000 euros anuais/netos ou, superando esa cantidade, non exceda a RPC da unidade familiar de 4.300 euros.

d) Que os proxenitores do/da menor se atopen ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, e das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Facenda Municipal do Concello do Barco de Valdeorras. (No caso de separación ou divorcio, so será do/da que teña a custodia).

e) Declaración de non ter recibidas nin solicitadas outras axudas polo mesmo concepto.

f) Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Todos os requisitos deben cumprirse dende a data de entrega da solicitude ata o final do procedemento.

4. Consideración de unidade familiar

Para o obxecto desta subvención considérase unidade familiar:

Nai, pai ou titores legais das/dos beneficiarias/os e os fillos e fillas maiores e menores, así como os ascendentes dos proxenitores que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable da unidade familiar a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga viva no enderezo familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

En caso de separación, divorcio, cesamento da convivencia ou non convivencia da nai ou pai da/do menor solicitante, terase en conta aquel que ten a custodia e conviva co menor ou coa menor para a que solicita a axuda; para isto, debera achegarse, segundo proceda: sentenza xudicial e/ou convenio regulador ou documento público de medidas sobre o coi-

dado e educación dos fillos e fillas. Se o procedemento está en trámite, achegarse certificado acreditativo da dita circunstancia. Se é compartida, teranse en conta ambos proxenitores.

No caso de que o/a menor estivera en situación de acollemento legal ou administrativo, seranlle de aplicación á familia de acollida os ditos criterios.

En caso de falecemento dun dos proxenitores, acreditarase mediante o libro de familia ou certificado de defunción.

Así mesmo, entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando forme parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, sendo este extremo xustificado documentalmente.

Para o cálculo económico teranse en conta os ingresos de todos os membros da unidade familiar.

5. Criterios de valoración económica

Os ingresos da unidade familiar serán inferiores a 18.000 euros anuais/netos ou, superando esa cantidade, non exceda a RPC da unidade familiar de 4.300 euros, como se establece nas bases no punto 3.C. Para o cálculo destes, establécese o seguinte:

Para a valoración económica serán a contía resultante da suma os ingresos da unidade familiar menos os descontos aplicados por circunstancias alegadas.

Ingresos-descontos=contía

A. Considéranse ingresos:

Para o cálculo económico teranse en conta os ingresos da unidade familiar anteriormente descrita.

Para xustificar ingresos todos os membros antes mencionados, deberan presentar:

- No caso de teren presentado a declaración da renda do ano 2016, sumaranse os recadros 392 (base imponible xeral) e 405 (base imponible de aforro) da declaración (ou recadros equivalentes que permitan obter a mesma información, se é o caso).

- No suposto de que algún membro da unidade familiar non presentara a declaración da renda do ano 2016, por non estar obrigado a isto, deberá achegar certificado de imputacións negativo expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Neste caso, a información dos ingresos determinantes facilitada pola AEAT computarase (Rendementos+ ganancias patrimoniais - gastos deducibles). Se non hai datos a este respecto, no dito certificado terán que presentar: certificado do INSS, no caso de pensionistas, ou do INEM, no caso de estar en situación de desemprego acreditativo da pensión/prestación/subsidio que estean percibindo, ou últimas nóminas e vida laboral.

- Tamén se terán en conta os ingresos por pensión alimenticia establecidos nos convenios reguladores, excepto que houbese falta de pago da dita pensión, nese caso terán que achegar a denuncia correspondente.

B. Descontos, e como acreditalos:

Para os efectos de concesión da axuda, valoraranse as seguintes situacións (descontando unha porcentaxe sobre os ingresos anuais netos, podendo darse dúas ou máis circunstancias dentro da mesma unidade familiar e por tanto podendo aplicarse varios descontos), que se xustificarán coa documentación pertinente:

Concepto do desconto; Desconto; Xustificación: presentarase (por notario ou unidade competente do concello) de:

1. Vivir nun piso de alugueiro ou pagar hipoteca; 10%; Último recibo da hipoteca ou certificación desta, ou último recibo ou contrato do aluguer. A nome de calquera membro da familia.

2. encontrarse en situación de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros computables; 20%; Certificado de discapacidade ou incapacidade laboral permanente en calquera dos seus graos ou certificado de dependencia.

3. Ser orfo de pai ou nai ou abandonado por un ou ambos ou pertencer a familia monoparental; 20%; -Certificado de defunción do proxenitor.- Convenio regulador.- Libro de familia

4. Pertencer a familia numerosa; 20%; - Título de familia numerosa

5. Ingresos dos fillos dos proxenitores do/s menor/es ou ascendentes destes que convivan no domicilio; 50%; Practicarase un desconto do 50% sobre os ingresos destes

6.- Documentación para presentar polos solicitantes:

1º A documentación que deberán presentar para a solicitude será a seguinte:

- Modelo normalizado de solicitude da subvención (anexo I).

- Declaración responsable dos ingresos da unidade familiar (anexo I).

- Anexos II e III debidamente cubertos.

- Fotocopias compulsadas (por notario ou unidade competente do concello) dos documentos identificativos da persoa que solicita e do cónxuxe ou parella, estea formalizada ou non, DNI, NIE, etcétera). No caso de non ter, presentarán o pasaporte ou documento análogo.

- Fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) de todas as páxinas do libro de familia da nai, pai, fillas e fillos e falecementos, se fora o caso. En caso de non dispoñer de libro de familia, achegaranse certificado de nacemento das/os menores. Se existen máis fillos/fillas dos que constan no libro de familia, deberanse achegar os certificados de nacemento, para xustificar o número total.

- Certificado do centro escolar de estar matriculado ou ter realizada a prescrición para o curso 2018-2019 a nome do/a neno/a para o/a que se solicita a axuda. Non dito certificado farase constar o curso no que se matricula o/a menor.

- Volante de empadramento colectivo onde figure a menor ou o menor e a persoa solicitante.

- Fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) ou fotocopia con código de verificación, se foi entregada por medios telemáticos, da declaración da renda do ano 2016 de todos os membros da unidade familiar, ou, se non presentou declaración, certificado de negativo de Facenda do no 2016. Se non ten imputacións, deberá presentar: certificado do INSS no caso de pensionistas, ou do INEM no caso de estar en situación de desemprego acreditativo da pensión/prestación/subsidio que estea percibindo, ou últimas nóminas.)

- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social dos proxenitores (no caso de separación ou divorcio só será do que teña a custodia) (pode solicitalo no INSS, no Paseo do Malecón, 27 baixo (O Barco de Valdeorras) ou chamando ao número de teléfono 901-502050, sempre que teña actualizados os seus datos respecto do domicilio neste organismo).

- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas con Facenda Estatal dos proxenitores do ou da menor (no caso de separación ou divorcio so será do que teña a custodia) deberá



solicitalo na Delegación de Facenda no Barco de Valdeorras, r/ Lugo 1) (cita previa 901 200 351 ou 91 290 13 40).

- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas con Facenda Autonómica dos proxenitores do/da menor (no caso de separación ou divorcio so será de quen teña a custodia). Pode solicitarse a través do rexistro de Presidencia da Xunta con oficio dirixido á Delegación Territorial da Xunta en Ourense.

- No caso de separación, divorcio cesamento da convivencia ou non convivencia da nai/pai de ou da menor solicitante, achegarase, segundo proceda: sentenza xudicial e/ou convenio regulador ou documento público de medidas sobre o coidado e educación dos fillos. Se o procedemento está en trámite, achegarase certificado acreditativo do xulgado. No caso de persoas solicitantes procedentes de países onde non se estableza convenio regulador, deberán facer entrega de calquera outro documento que determine permiso ou acordo entre o pai e a nai do menor para que este viñera a España e as condicións nas que se estableceu ese permiso ou acordo. Así mesmo, aquelas persoas que estean en proceso de tramitación do convenio, xustificación da demanda de separación e inicio da tramitación do convenio regulador.

Para xustificar algún desconto é necesario presentar a seguinte documentación:

- Por pago de aluguer ou hipoteca: xustifícase presentando fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) do contrato e/ou recibo de alugueiro ou recibo de hipoteca actualizado, ou certificado bancario de pago de hipoteca.

- Por discapacidade, dependencia ou incapacidade laboral de calquera dos membros da unidade de convivencia: fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) de certificados de discapacidade, dependencia ou incapacidade laboral de calquera dos membros da unidade de familiar, presentando cualificación de discapacidade do equipo de valoración de discapacidades, certificado do grao de dependencia ou certificación acreditativa de ser pensionista de invalidez total, absoluta ou gran invalidez.

- Por familia monoparental ou menores orfos: sentenza de separación, convenio regulador ou libro de familia certificado de defunción.

- Por familia numerosa: fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) do título de familia numerosa.

2º O Concello poderá solicitarlles cantos outros documentos considere oportunos aos/ás solicitantes das bolsas (véxase anexo I: modelo solicitude).

3º Asemade, os servizos sociais, tras a previa autorización, incorporaranlle de oficio ao expediente certificados de estar ao día coa Facenda Municipal, dos proxenitores do/da menor ou menores (no caso de separación ou divorcio só será o que teña a custodia). Non se concederán bolsas se estes certificados non tivesen sentido afirmativo (véxase anexo III: autorización).

4º En casos especiais que así o requiran, xuntarase tamén un informe dos servizos sociais, onde se verificarán e valorarán os datos presentados.

7.- Dotación orzamentaria e contía das axudas:

O crédito destinado ao financiamento destas axudas ascende a 4000 euros, con cargo á partida 231/48900 do orzamento do Concello do Barco de Valdeorras.

A contía máxima destas axudas será de 95 euros, 85 euros ou 75 euros por menor, segundo os ingresos da unidade familiar, expostos neste punto. En calquera caso, a axuda total concedida non excederá de 300 euros por cada unidade familiar.

Rango de ingresos; Contía do bono

0 euros A 10.000 euros/ano 2016; 95 euros

Entre 10.001 euros/ata 14.000 euros/ano 2016; 85 euros

Entre 14.001 euros e 18.000 euros/ ou

RPC inferior a 4.300 euros ano 2016; 75 euros

O importe final da bolsa pode variar en función dos créditos dispoñibles, do número de solicitudes, etcétera. No suposto de que o importe conxunto das subvencións outorgadas sexa superior ao importe máximo establecido para o conxunto das axudas (4.000 euros), procederase á redución proporcional da contía destas.

8. Prazo, lugar e horario de presentación de solicitudes:

Calquera consulta ou aclaración en relación coas solicitudes ou documentación para presentar, poderá facerse no departamento de Servizos Sociais.

As solicitudes, para participar nestas axudas, formalizaranse no modelo I adxunto nestas bases e poderán presentarse no Rexistro de entrada do Concello do Barco de Valdeorras, de 9.00 a 14.00 horas, os días hábiles, (situado no edificio n.º 2 da Praza do Concello-O Barco de Valdeorras-), ou no rexistro electrónico do Concello do Barco de Valdeorras (atópase na sede electrónica do concello na páxina web da rede de internet á que se pode acceder na <https://sede.concellodobarco.org>). As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén poderán presentarse de acordo co previsto no artigo no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co que dispón a Disposición derogatoria única en relación coa Disposición final 7ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O prazo de presentación de solicitudes estenderase dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ata o 30 de xuño do 2018.

Se, unha vez examinada a solicitude, se comproba que está incompleta ou defectuosa, notificaráselle individualmente ao solicitante, para que a emende nun prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte da recepción deste, indicándolle que, se non o fixese, se daría por desistida a solicitude.

9. Procedemento de resolución:

A resolución das solicitudes de bolsas que reúnan os requisitos establecidos, efectuarase actuando consonte cos seguintes criterios:

1. Actuarán como elementos de ponderación e ordenación os ingresos netos familiares, de menor a maior contía, nos termos recollidos na base 5º.

2. Unha vez realizada a valoración de todas as solicitudes presentadas, serán seleccionadas aquelas que cumpran os requisitos esixidos. As ditas propostas irán relacionadas pola orde de preferencia resultante da selección, de acordo co anteriormente exposto (ingresos de menor a maior contía).

3. As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos serán obxecto de denegación.

En calquera caso, as axudas concederanse en función dos créditos dispoñibles para este concepto; por isto, non bastará para recibir a axuda solicitada que o solicitante reúna os requisitos previstos nesta convocatoria, senón que ademais será necesario que a súa solicitude poida ser atendida, tendo en conta o número de orde alcanzada no procedemento de selección.

Para estes efectos, faise constar que o importe total das axudas para conceder polo concello para esta finalidade non superará os 4.000 euros.

Non se concederá diñeiro en efectivo, senón que se outorgarán vales cambiabiles nas librerías colaboradoras no dito procedemento, das cales se lles informará aos/ás solicitantes/beneficiarios/as. Aqueles/as solicitantes que resulten beneficiarios/as cederán o dereito a cobro da subvención concedida a favor dalgunha das librerías colaboradoras. Segundo o anexo IV (cesión do dereito de cobro).

Asemade, o importe da subvención non excederá por si soa do 100% do custo total de adquisición de libros e material escolar, por menor.

A persoa instrutora do expediente emitirá informe - proposta sobre o cumprimento das condicións impostas ás persoas solicitantes e a documentación presentada. Tal proposta de resolución deberá someterse á comisión informativa competente pola materia, para a emisión de ditame con carácter previo á fiscalización pola Intervención e resolución pola Xunta de Goberno Local.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será de tres meses, a contar dende a data seguinte á terminación do prazo de presentación de solicitudes. No caso de que, unha vez transcorrido o dito tempo, non se outorgaran todas ou algunha das subvencións solicitadas, os beneficiarios considerarán estas denegadas por silencio negativo.

10. Prazo, forma de xustificación e reintegro de subvención.

Transcorrido o prazo de 15 días dende a compra dos libros e material escolar, e en todo caso antes do 30 de outubro do 2018, as persoas beneficiarias deberán presentar no concello, independentemente da documentación presentada polas librerías:

- Explicación escrita do destino dos fondos percibidos (anexo V)
- Factura ou documento válido no tráfico mercantil na que conste o custo total dos libros e/ ou material escolar dos/as menores.
- Xustificante ou declaración de axudas obtidas ou solicitadas, e, no caso de que estas non se teñan resolto, compromiso de reintegrarlle ao concello o importe que exceda do 100% do custo total dos libros e do material escolar, de percibirse posteriormente outra axuda para a mesma finalidade, ou de non reunir os requisitos durante todo o procedemento.

As persoas proxenitoras das e dos beneficiarios da axuda, deben cumprir o requisito respecto coas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e Local dende o momento da solicitude ate o momento do pago, polo cal, en caso contrario, será causa de exclusión. Se non se cumpre no momento do pago, non se aceptará polo concello o endoso do dereito de pago á librería, tendo que sufragalo directamente a persoa beneficiaria.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros de demora, nos casos previstos na Lei xeral de subvencións e na Lei de subvencións de Galicia (artigos 36 e 37, respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda, é dicir, ao emprego do importe recibido para finalidades distintas á adquisición de libros de texto e material escolar solicitado polo colexio.
- c) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polas persoas beneficiarias

das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

11. Protección de datos

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmasse de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación deste procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello do Barco de Valdeorras (Praza do Concello, n.º 2) cuxo tratamento se realizará conforme coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación neste procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

12. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes nesta convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos/as beneficiario/as seranlle remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 30.3 do RD 887/06, advírtese que o Concello do Barco de Valdeorras publicará as subvencións concedidas, expresando o nome ou razón social do/a beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, se é o caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

13.- Publicidade e concorrencia:

Coa finalidade de darlles a máxima publicidade ás axudas para libros e material escolar, remitiránelles as bases ás ANPAS e ás Direccións de todos os Centros Educativos da vila, co fin de que as expoñan no taboleiro de anuncios e llas fagan chegar por outros medios ás familias beneficiarias. Tamén se enviarán a outros departamentos do concello (Casa da Cultura, gardería,...), traballadoras sociais doutros organismos (Hospital, centro de saúde, centro social, Cáritas e Cruz Vermella), Sindicatos, AEVA, INEM, INSS, oficina de Presidencia, Facenda.

Ademais, publicarase o anuncio no BOP e no taboleiro de edictos do Concello do Barco de Valdeorras, e na páxina web do concello www.concellodobarco.org

O Barco de Valdeorras, 3 de maio de 2018. O Concelleiro de Servizos Sociais.

Asdo.: Orlando Saavedra Cantillana.
(Ver anexos páx. 6-11)



Declaración de ingresos da unidade de convivencia

Procedencia dos ingresos económicos da unidade familiar			
Nome e apelidos	Parentesco	Concepto ingresos 2016 (declaración renda, certificado negativo, pensión alimentos, etcétera)	Importe
	Persoa solicitante		
Ingresos totais			

Ingresos persoa solicitante	
Ingresos outros membros	
Ingresos totais	

Descontos

Concepto	% desconto sobre ingresos totais	Desconto practicado
a. Aluguer ou hipoteca	10%	
b. Por familia numerosa	20%	
c. Membros u. familiar con discapacidade	20%	
d. Menores orfos ou monoparental	20%	
f. Por ingresos de fillos/as e ascendentes	50%	
Total de desconto practicado		

Totais	
Ingresos totais	
Descontos	
Total neto	

Procede	
Non procede	

Documentación que se presenta xunto coa solicitude

Documentación obrigatoria
<input type="checkbox"/> Anexo I: solicitude
<input type="checkbox"/> Anexo II: Declaración responsable de non ter recibidas outras axudas polo mesmo concepto, e aceptación das bases.
<input type="checkbox"/> Anexo III: Autorización asinada pola persoa solicitante onde se dea o consentimento para que o concello incorpore de oficio ao expediente os documentos sinalados e sinatura das declaracións esixidas.
<input type="checkbox"/> Fotocopias compulsadas (por notario ou unidade competente do concello) dos documentos identificativos da persoa que solicita e do cónxuxe ou parella, estea formalizada ou non, DNI, NIE, etcétera). No caso de que non presentaran pasaporte ou documento análogo
<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) de todas as páxinas do libro de familia da nai, pai, fillas e fillos e falecementos. En caso de non dispoñer de libro de familia, achegárase certificado de nacemento das/os menores. Se existen máis fillos/fillas dos/as que constan no libro de familia, deberán achegar os certificados de nacemento para xustificar o número total.
<input type="checkbox"/> Certificado do centro escolar de estar matriculado ou ter realizada a preinscrición para o curso 2018-2019 a nome da/do nena/o para o que se solicita a axuda. No dito certificado farase constar o curso no que se matricula.
<input type="checkbox"/> Volante de empadramento colectivo onde figure o/a menor ou menores e a persoa solicitante
<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada (por notario ou unidade competente do concello) ou fotocopia con código de verificación, se foi entregada por medios telemáticos, da declaración da renda do ano 2016 de todos os membros da unidade familiar computables, ou, se non presentaron declaración, certificado de negativo de Facenda do ano 2016, se esta non ten imputacións terá que presentar: certificado de prestacións SEPE, pensións ou 3 últimas nóminas, se fora o caso.
<input type="checkbox"/> Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social dos proxenitores do/da menor (no caso de separación ou divorcio só será do que teña a custodia) (pode solicitalo no INSS, no Paseo do Malecón, 27 baixo (O Barco de Valdeorras) ou chamando ao número de teléfono 901-502050, sempre que teñan actualizados os seus datos respecto do domicilio neste organismo).
<input type="checkbox"/> Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas con Facenda Estatal dos proxenitores da/do menor (no caso de separación ou divorcio só será do que teña a custodia) (deberá solicitalo na Delegación de Facenda no Barco de Valdeorras, r/ Lugo 1) cita previa 901 200 351 ou 91 290 13 40)
<input type="checkbox"/> Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas con Facenda Autonómica dos proxenitores da/do menor (no caso de separación ou divorcio só será do que teña a custodia). Pode solicitarse a través do rexistro de Presidencia da Xunta (Casa Grande de Viloiro) con oficio dirixido á Delegación Territorial da Xunta en Ourense. Importante: Traerá copia da solicitude para anexar ao expediente.
<input type="checkbox"/> No caso de separación, divorcio, cesamento da convivencia ou non convivencia da nai/pai ou da menor solicitante, achegárase, segundo proceda: sentenza xudicial e/ou convenio regulador ou documento público de medidas sobre o coidado e educación dos fillos. Se o procedemento está en trámite, achegárase certificado acreditativo do xulgado. No caso de persoas solicitantes procedentes de países onde non se establece convenio regulador, deberán facer entrega de calquera outro documento que determine permiso ou acordo entre o pai e a nai da/do menor para que esta viñera a España e as condicións nas que se estableceu ese permiso ou acordo. Así mesmo, aquelas persoas que estean en proceso de tramitación do convenio, xustificación da demanda de separación e inicio da tramitación do convenio regulador.



<input type="checkbox"/> Documentación adicional para os descontos, se é o caso.
<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do último recibo da hipoteca / alugueiro ou contrato de aluguer.
<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do título de familia numerosa.
<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do certificado de discapacidade, dependencia, resolución de incapacidade laboral ou documento que o xustifique.
<input type="checkbox"/> Outros:
<input type="checkbox"/> Outros :
<input type="checkbox"/> Outros:

Nota: as fotocopias compúlsanse no Concello (Edificio Multiusuos) no 1º andar (de balde), ou ante notario.

Data de presentación: dende o día seguinte á publicación no BOP ata o 30 de xuño de 2018

O Barco de Valdeorras, _____ de _____ de 2018

Asdo.: O solicitante don/dona _____

con DNI: _____

Asdo.: _____

Anexo II: Declaración responsable do solicitante

D./ D^a. _____, con DNI _____, como pai/nai titor/titora ou gardador/a legal da/do menor _____

Declara baixo a miña responsabilidade:

- Que coñezo e acepto as bases para o outorgamento de bolsas para a compra de libros e material escolar de Educación Infantil para o curso 2018-2019.
- Que son certos cantos datos figuran na solicitude de bolsas para libros e material escolar do curso 2018-2019.
- Que _____ (si ou non) lle foi concedida nin solicitou ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Que non concorren, a nai, pai, titor, titora ou gardadora/dor, en ningunha circunstancia que supoña a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (BEO 35.4.5. e artigo 13.2 LXS)
- Que a nai, pai, titora, titor, gardadora/dor se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social (artigo 14.1. e) LXS).
- Que me comprometo a achegar cantos datos e documentos sexan precisos, no caso de resultar beneficiaria/o da axuda, no prazo que se indique polo órgano competente do concello, para os efectos do cumprimento e xustificación destas bolsas.
- Que cedo os meus dereitos de cobro, no caso de resultar beneficiaria da subvención, a favor da librería ou establecemento de venda de libros escolares e material escolar do Concello do Barco.

Protección de datos de carácter persoal: informámolo/a de que os datos persoais contidos nesta solicitude se integrarán nun ficheiro automatizado propiedade do Concello do Barco de Valdeorras (Praza do Concello, n.º 2) cuxo tratamento se realizará conforme á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O que asino no Barco de Valdeorras, o _____ de _____ de 2018.



Anexo III

Autorización

A cubrir pola persoa solicitante, así como polos membros da unidade familiar maiores de 18 anos da solicitude de bolsas para a compra de libros e material escolar.

A.- Datos da persoa proxenitores da/do menor/es beneficiarias/os da prestación

As persoas que asinan a continuación, autorizan ao departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras a consultar e obter os seguintes datos:

- Que autorizo expresamente para que se soliciten de oficio datos da facenda municipal de non ter débedas coa facenda municipal deste concello do solicitante e outro proxenitor (no caso de separación ou divorcio só será do que teña a custodia).

- Que autorizo expresamente que os meus datos queden arquivados para o dito procedemento.

Ambos os dous co fin de xustificar os requisitos requiridos neste procedemento.

	Nome e apelidos	DNI	Sinatura
Persoa solicitante			
Outro proxenitor			

B.- Datos das persoas que conviven co/a solicitante:

As persoas que asinan a continuación autorizan expresamente ao departamento de Servizos Sociais a que: os meus datos queden arquivados para o dito procedemento, co fin de xustificar os requisitos requiridos neste procedemento.

Relación co solicitante	Nome e apelidos	DNI	Sinatura

Protección de datos de carácter persoal: Informámolo de que os datos persoais contidos nesta solicitude se integrarán nos arquivos automatizados propiedade do Concello do Barco de Valdeorras (Praza do Concello, n.º 2) cuxo tratamento se realizara sen que poidan ser empregados para finalidades distintas á establecida, todo isto de conformidade cos principios de protección de datos de carácter persoal establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



Anexo IV: Cesión de cobro a favor da librería onde se presente o bono

Don/dona,
 DNI,
 Adxudicatario/a da axuda para adquisición de libros e material escolar de Educación Infantil no ano 2018/2019 do Concello do Barco de Valdeorras por importe de euros, cede o dereito de cobro a favor da librería

Asinado: Poñer data, lugar e nome, ademais de asinar (ten que asinar a persoa beneficiaria do bono)

A librería, con NIF....., acepta a cesión do dereito de cobro a favor de, con DNI, por importe de euros

Asinado: Data, lugar, nome e cargo na empresa (Debe asinar a persoa responsable da librería).

Anexo V: Explicación do destino dos fondos.

Outorgamento de bolsas para a compra de libros de texto e material escolar destinados ao alumnado de 2º ciclo de infantil, curso 2018/2019

D./D.^a,

con DNI, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2018/2019,

Declaro:

- Que os gastos financiados con esta achega son os seguintes:

Expedidor da factura (con CIF)	N.º de factura	Data de expedición	Concepto	Importe

- Que _____ recibín ou solicitei doutras administracións outras axudas para o mesmo procedemento.

- Que se _____ manteñen os requisitos iniciais.

Barco de Valdeorras, o ____ de _____ de 2018.

A persoa solicitante

O Barco de Valdeorras, 24 de maio de 2018. O alcalde accidental.

Res.14/05/2018)

Asdo.: Aurentino Alonso Araújo.



Anuncio

Bases para la concesión de bolsas para la compra de libros y material escolar de Educación Infantil para el curso 2018/2019.

Por resolución de la Alcaldía de fecha 16 de mayo de 2018 se aprobaron las bases para la concesión de bolsas para la compra de libros y material escolar de Educación Infantil para el curso 2018/2019 por lo que se da la publicidad preceptiva.

Bases para el otorgamiento de bolsas para la compra de libros y material escolar de Educación Infantil para el curso 2018/2019

Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras

La Constitución española de 1978 consagra, en su artículo 39, el deber de los poderes públicos de asegurar la protección social, económica y jurídica de la familia. Por su parte, el Estatuto de Autonomía de Galicia legitima la actuación legislativa de la Comunidad Autónoma en el campo de la protección de la familia, infancia y adolescencia, en los títulos de competencias genéricas de asistencia social y de promoción del desarrollo comunitario.

